

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**11019** *Real decreto 470/2016, do 18 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

O Real decreto 1586/2012, do 23 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, introduciu unha nova disposición transitoria, a segunda, polo que se renomeou en consecuencia a disposición transitoria única, que pasou a ser a primeira, pola cal, de forma temporal, se exceptuaron determinados requisitos referidos ás condicións das baixas para a construción ou modernización de buques pesqueiros, as regularizacións, a tramitación das solicitudes e as consecuencias sobre a anulación ou modificación do expediente, dirixidas a flexibilizar durante o dito período a reactivación do sector pesqueiro.

Esta disposición facilitaba, fundamentalmente, a achega de baixas tanto para construción e modernización como para a regularización e adaptación das características rexistradas dos barcos, e non se obrigaba á achega de baixas completas.

O Real decreto foi obxecto de sucesivas prórrogas e a última delas corresponde ao Real decreto 848/2015, do 28 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, que finalizará o próximo 25 de novembro de 2016.

Durante a súa vixencia ata a data materializáronse 144 baixas de buques que foron utilizados en aplicación da norma para 857 expedientes, fundamentalmente de novas construcións, modernizacións e regularizacións, o que supón un forte incremento da actividade dos estaleiros españois, coa conseguinte creación de emprego e riqueza no sector, e pon de manifesto a utilidade e a importancia da citada medida para o fomento da adecuación dos rexistros oficiais á capacidade real da frota.

Atendendo á solicitude do sector pesqueiro e considerando que de non ampliarse novamente este prazo este quedaría sometido de novo ás condicións previstas no ano 2009, co considerable prexuízo para todo o sector español que isto suporía, resulta necesario modificar, de forma urxente, a disposición transitoria segunda do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, co obxecto de prorrogar ata o 31 de decembro de 2017 a aplicación temporal das medidas contidas nela.

Na elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e o sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de novembro de 2016,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca.*

Modifícase a disposición transitoria segunda do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. *Medidas de aplicación temporal.*

Ata o 31 de decembro do 2017, sempre e cando a capacidade pesqueira non exceda os límites establecidos no anexo II do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, serán de aplicación as seguintes regras, en lugar dos actuais artigos 3, 13 e 14, salvo no que respecta aos atuneiros que operan en caladoiros de longa distancia rexistrados no Censo da frota pesqueira operativa como cerco conxelador, aos cales lles seguirá sendo de aplicación o artigo 3 segundo a redacción dada mediante o Real decreto 790/2015, do 4 de setembro.

1. Condicións das baixas. Toda autorización de construción de buques pesqueiros que se van rexistrar na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras requirirá que a unidade que se vaia construír substitúa un ou varios buques ou parte deles, achegados como baixa, e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que o buque ou buques pesqueiros achegados como baixa ou baixas estean matriculados na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, que figuren de alta no Rexistro Comunitario da Frota Pesqueira e que estean libres de cargas e gravames.

b) Para a construción de novas unidades da frota pesqueira en arqueo bruto (GT) potencia (kW), a entrada de nova capacidade na frota estará compensada pola anterior retirada sen axuda pública de, como mínimo, a mesma capacidade; en todo caso, o réxime de entradas/saídas de capacidade da frota pesqueira axustarase ao establecido no título IV, parte IV, do Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e o Regulamento (CE) n.º 2104/2004 da Comisión, do 9 de decembro de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 639/2004 do Consello, sobre a xestión das frotas pesqueiras rexistradas en rexións ultraperiféricas da Comunidade.

c) A achega dun buque como baixa nun ou máis expedientes terá un período de validez de 24 meses desde a data de rexistro de entrada ante a autoridade competente correspondente da solicitude do primeiro expediente en que se vaia empregar parte desa baixa.

d) O buque ou buques achegados como baixa deberán estar, así mesmo, de alta no Censo da frota pesqueira operativa. De forma excepcional poderanse considerar as baixas provisionais que cumpran cos seguintes requisitos:

1.º Que a baixa provisional no Censo da frota pesqueira operativa non superase os cinco anos de antigüidade na dita situación.

2.º Que teñan un despacho, polo menos, nos últimos sete anos.

e) Para os buques pesqueiros operativos perdidos definitivamente por accidente, ou os buques que se sometan a unha exportación definitiva a un terceiro país, os correspondentes dereitos de baixa terán un período de validez de 12 meses a partir do día en que se produciu o sinistro ou a exportación definitiva ou, se é o caso, desde a data de firmeza da resolución xudicial que declare a data do afundimento ou a propiedade do buque afundido, cando estes sexan obxecto de controversia.

f) En todo caso, a achega dun buque para unha nova construción será anotada na folla de asento do dito buque e levarase a cabo documentalmente mediante un compromiso de baixa, no cal o achegante desta se compromete a dar de baixa o buque no Censo da frota pesqueira operativa e a iniciar o expediente pertinente para materializar a dita baixa nas formas descritas no artigo 6, cando a primeira nova construción entre en servizo. O mencionado compromiso de baixa non presupón por si mesmo o inicio do expediente.

O compromiso de baixa será efectuado en documento orixinal e por unha soa vez polo propietario do buque de pesca que se vai substituír, para cada un dos expedientes cuxo obxecto sexa a inclusión da baixa, ante a autoridade competente da Administración pesqueira, e é aquel polo que se compromete o dito propietario á súa inmovilización e desmantelamento no momento da entrada en servizo da primeira unidade a que dea lugar a baixa. Cando o solicitante non sexa titular rexistral do buque achegado como baixa, naquel documento deberá figurar a cesión de dereitos do buque que se vai substituír a favor do solicitante da nova construción. Este documento orixinal será remitido á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira da Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, xunto co expediente para a súa validación.

g) O compromiso, unha vez aceptado pola Administración competente, será notificado ao Rexistro de Buques e Empresas Navieiras para a súa toma de razón na folla de asento do buque.

## 2. Tramitación das solicitudes.

a) As solicitudes de autorización de nova construción dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que estea situado o porto base do buque.

b) A comunidade autónoma tramitará as solicitudes de construción aplicando a normativa básica do Estado; unha vez revisadas e aceptadas, remitirá os expedientes completos ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, para que proceda á súa análise e expedición de informe preceptivo e vinculante sobre os aspectos relacionados coa súa competencia; este informe permanecerá vixente un período máximo de cinco anos desde a data da resolución da comunidade autónoma.

c) O buque de nova construción deberá entrar en servizo antes de cinco anos, contados desde a data de resolución da autoridade competente.

d) A Secretaría Xeral de Pesca poderá autorizar o aumento do período de validez para a entrada en servizo do buque de nova construción ata a metade do prazo citado na alínea anterior, logo de petición xustificada do interesado ao órgano competente da comunidade autónoma, tendo en conta, en todo caso, os teitos máximos de capacidade da frota determinados polo Regulamento (UE) n.º 1013/2010, do 10 de novembro.

3. Anulación e modificación do expediente. Estarán suxeitas a autorización previa por parte da autoridade competente a modificación dos expedientes, cuxos obxectivos sexan as modificacións das características de eslora, manga, puntal, arqueo e potencia, cambios na baixa principal, cambio de material do casco, cambio de censo ou modalidade, así como a unión de varios expedientes sempre dentro do prazo establecido no número 2.c). Tras unha primeira modificación na potencia e/ou arqueo do buque, só se poderán autorizar sucesivas modificacións no arqueo e na potencia do barco sempre e cando non supoñan un incremento de máis dun vinte por cento do autorizado.

Así mesmo, poderase autorizar a variación do fin do expediente, que se poderá converter nun de modernización ou de importación doutros buques, co fin de utilizar as baixas incluídas nel.»

**Disposición derradeira primeira.** *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para que, no ámbito das súas competencias, dite as normas oportunas para o desenvolvemento do contido deste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 25 de novembro de 2016.

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca,  
Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA